

## 4.2. ■ ■ cobertura e financiamento

■ A análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais, baseada nos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, divídese en dúas partes. A primeira está dedicada ó financiamento e cobertura social do Estado, que fundamentalmente se refire ás prestacións económicas (estas son analizadas máis polo miúdo no punto 4.3.- **Prestacións económicas**). Ó longo do ano 2002 as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 4.732,1 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 3.369,5 millóns de euros.

A segunda parte estuda a cobertura social da Comunidade Autónoma e engloba, basicamente, á cobertura social e sanitaria da Xunta (ver punto 4.4.- **Prestacións sanitarias e sociais**). A cantidade presupostada para as tres consellerías con competencias nestas materias foi de 2.706,9 millóns de euros en 2002. O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta sitúase no ano 2002 en torno ó 38% do gasto total.

### Financiamento e cobertura social do Estado

A afiliación á Seguridade Social no ano 2002 (**cadro 2.2.1. Traballadores en alta laboral 2001-02: distribución segundo réximes**) experimentou un crecemento do 2,2% respecto ó ano anterior (19.512 afiliacións máis), para acadalas 923.857 persoas afiliadas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponden ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 70,0% do total de afiliacións (646.463 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18,0% das mesmas (166.567 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, o **cadro C.4.9. (Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia 2002)** reflicte a existencia dun diferencial teórico negativo de 1.362,6 millóns de euros entre os dereitos recoñecidos e as obrigas contraídas, xa que neste diferencial non se consideran,

por unha banda, as obrigas polas prestacións contributivas de desemprego, e por outra, están consideradas as obrigas dos complementos a mínimos das pensións, as pensións non contributivas, e as prestacións sociais que son financiadas directamente polo Estado.

Analizando ó devandito diferencial, cómpre salientar que este é positivo no caso do réxime xeral (270.268 miles de euros) e no caso do réxime especial de traballadores autónomos (75.998 miles de euros). Este saldo positivo non logra compensar, fundamentalmente, o diferencial negativo existente no caso do réxime especial agrario (-1.149,2 millóns de euros) e no réxime especial de traballadores do mar (-297,9 millóns de euros).

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social ó longo do 2002 en Galicia, **cadro C.4.4.** (*Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2002*), acadaron os 3.369,5 millóns de euros, dos que 3.322,4 millóns de euros corresponderon ás cotizacións sociais. A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.436,6 millóns de euros, o que supón o 42,6% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.219,0 millóns de euros, o 36,2% do total. En Lugo e Ourense ascenden a 365,4 e 348,6 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 10,8% e o 10,3% do total da comunidade.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o devandito **cadro C.4.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 2.432,1 millóns de euros (o 72,2% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 431,5 millóns de euros (12,8%) e as cotizacións de desempregados, con 248,1 millóns de euros (7,4%).

O **cadro C.4.8.** (*Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social 2002*) reflicte as **obrigas contraídas** totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social. En Galicia, o importe total das obrigas contraídas ascendeu a 4.732,1 millóns de euros, dos que 4.644,7 millóns

de euros (o 98,2%) corresponden ás transferencias correntes. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 1.809,8 millóns de euros, o 38,2% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.498,1 millóns de euros (31,7%) e Lugo e Ourense con 755,0 (o 16,0%) e 669,3 millóns de euros (14,1%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.2.1.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o Agrario, con 2.161,8 e 1.236,4 millóns de euros, respectivamente, aínda que o réxime especial agrario ten na provincia de Lugo unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

O devandito **cadro 4.2.1.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.047,0 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez con 722,1 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes con 156,2 millóns de euros.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 4.2.2.** recolle os datos da provincia de A Coruña, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadan os 1.775,5 millóns de euros. Ó igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 912,9 millóns de euros (51,4% do total do gasto de A Coruña), seguido do réxime especial agrario con 372,2 millóns de euros (o 21,0%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas –ascenden a 1.134,0 millóns de euros–, seguidas das de viuvez (con 289,8 millóns de euros). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 54,9 millóns de euros.

En Lugo, **cadro 4.2.3.**, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro ascenden a 742,9 millóns de euros. Salienta a importancia do réxime especial agrario, que, no caso das pensións, presenta uns gastos superiores ós do réxime xeral en tódolos subgrupos agás no

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Pensións</b>	2.035.269	330.064	1.221.067	360.831	17.582	77.056	122.619	191.813	4.356.301
Invalidez permanente	241.366	36.443	54.871	33.401	1.568	6.121	48.021	82.593	504.384
Xubilación	1.377.237	228.789	974.240	250.018	12.931	68.648	25.920	109.220	3.047.003
Viuvez	379.852	59.569	166.505	70.430	2.878	1.805	41.024	-	722.063
Orfandade	30.154	4.581	16.419	5.634	172	323	6.266	-	63.549
Favor de familiares	6.660	682	9.033	1.348	32	160	1.388	-	19.302
<b>Subsidios</b>	126.572	25.468	15.286	17.328	128	3.495	6.917	-	261.430
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	93.740	22.579	14.809	16.970	127	3.197	4.733	-	156.156
Compensación por colab. de empresas	90.466	22.579	14.809	16.970	127	3.197	4.733	-	152.882
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	3.274	-	-	-	-	-	-	-	3.274
Maternidade	31.661	2.841	269	329	-	292	-	-	658
Subsidio temporal por maternidade	31.603	2.839	269	327	-	292	-	-	35.412
Subsidio temporal por risco no embarazo	78	2	-	2	-	-	-	-	82
<b>Prestacións familiares</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	63.285
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	16.229
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	46.445
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	158
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	453
Outras prestacións	1.151	47	208	28	1	6	2.183	-	5.919
<b>Prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	2
Auxilio por detención	146	38	182	24	1	6	2	-	399
Indemnización a tanto alzado	296	-	25	5	-	-	766	-	1.092
Por baremo	-	-	-	-	-	-	116	-	116
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	7
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	2.285
Outras	709	9	1	-	-	-	1.298	-	2.018
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	26.593
Farmacia	-	-	-	-	-	-	-	-	0
<b>Total</b>	2.161.840	355.532	1.236.353	378.158	17.711	80.550	129.536	191.813	4.644.325

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

■ CADRO 4.2.2.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería Xeral de la Seguridad Social en A Coruña 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Penións</b>	863.676	132.686	366.734	128.995	6.485	29.122	47.368	81.474	1.656.539
Invalidez permanente	102.765	14.977	14.896	12.064	379	2.182	18.494	33.578	199.335
Xubilación	577.970	91.796	287.309	88.845	5.108	26.080	9.037	47.897	1.134.042
Viuvez	166.463	23.688	55.675	25.511	919	648	16.851	-	289.784
Orfandade	13.476	1.900	6.252	2.007	67	136	2.390	-	26.228
Favor de familiares	2.983	315	2.602	567	10	75	597	-	7.150
<b>Subsidios</b>	49.180	9.618	5.485	3.488	128	1.093	2.924	-	98.441
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	34.597	8.492	5.336	3.432	127	983	1.968	-	54.936
Compensación por colab. de empresas	33.519	8.492	5.336	3.432	127	983	1.968	-	53.857
Maternidade	13.841	1.109	96	48	-	107	-	-	1.249
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	13.820	1.107	96	47	-	107	-	-	15.202
Subsidio temporal por maternidade	21	2	-	1	-	-	-	-	25
Subsidio temporal por risco no embarazo	-	-	-	-	-	-	-	-	25.262
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	5.759
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	19.281
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	56
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	166
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	2.792
Outras prestacións	741	18	53	8	0	2	956	-	-
Prestacións procedentes extinguida MUNPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Auxilio por defunción	58	15	52	8	0	2	1	-	136
Indemnización a tanto alzado	90	-	-	-	-	-	262	-	352
Por baremo	-	-	-	-	-	-	70	-	70
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	1.013
Outras	593	2	0	-	-	-	623	-	1.220
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	20.553
<b>Total</b>	<b>912.856</b>	<b>142.304</b>	<b>372.218</b>	<b>132.483</b>	<b>6.612</b>	<b>30.215</b>	<b>50.292</b>	<b>81.474</b>	<b>1.775.532</b>

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

■ ■ ■ CADRO 4.2.3.

**Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería Xeral de la Seguridad Social en Lugo 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro**

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Pensións</b>	237.713	52.140	348.927	17.545	5.258	11.525	16.091	21.438	710.636
Invalidez permanente	26.021	4.927	17.367	1.688	423	644	6.791	9.123	66.984
Xubilación	166.307	36.725	283.878	12.500	3.902	10.498	3.711	12.315	529.835
Viuvez	41.983	9.740	43.192	3.095	901	312	4.703	-	103.926
Orfandade	2.771	664	3.265	211	31	48	733	-	7.723
Favor de familiares	631	84	1.224	51	2	22	154	-	2.168
<b>Subsidios</b>	12.970	3.136	3.931	806	0	536	995	-	31.558
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	9.669	2.758	3.740	804	-	511	721	-	18.204
Compensación por colab. de empresas	9.419	2.758	3.740	804	-	511	721	-	17.954
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	250	-	-	-	-	-	-	-	250
Maternidade	3.165	370	106	0	-	24	-	-	69
Subsidio temporal por maternidade	3.162	370	106	0	-	24	-	-	3.665
Subsidio temporal por risco no embarazo	3	-	-	0	-	-	-	-	3.662
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	8.848
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	2.320
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	6.457
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	18
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	53
Outras prestacións	136	7	84	2	0	2	274	-	772
<b>Outras prestacións procedentes extinguida MUXP</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Auxilio por defunción	21	7	59	2	0	2	1	-	91
Indemnización a tanto alzado	88	-	25	-	-	-	99	-	212
Por baremo	-	-	-	-	-	-	19	-	19
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	0
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	265
Outras	28	-	-	-	-	-	155	-	184
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	753
<b>Farmacia</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	0
<b>Total</b>	250.683	55.275	352.858	18.351	5.258	12.061	17.087	21.438	742.948

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

■ CADRO 4.2.4.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Ourense 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbon	Empregados do Fogar	Acc. Trabajo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Pensións</b>	273.440	52.670	250.259	-	2.980	10.782	15.528	26.248	631.907
Invalidez permanente	30.169	7.206	10.241	-	581	1.102	6.072	11.729	67.101
Xubilación	194.478	35.857	200.288	-	1.884	9.355	4.036	14.519	460.417
Viuvez	45.174	8.896	33.920	-	469	271	4.645	-	93.375
Orfandade	2.952	610	3.101	-	35	27	593	-	7.319
Favor de familiares	666	101	2.709	-	10	26	183	-	3.685
<b>Subsidios</b>	13.473	3.151	1.637	-	0	464	537	-	26.704
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	10.353	2.876	1.591	-	-	429	369	-	15.617
Compensación por colab. de empresas	9.834	2.876	1.591	-	-	429	369	-	15.098
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	519	-	-	-	-	-	-	-	519
Maternidade	-	-	-	-	-	-	-	-	83
Subsidio temporal por maternidade	3.033	270	8	-	-	34	-	-	3.346
Subsidio temporal por risco no embarazo	3.031	270	8	-	-	34	-	-	3.344
Prestacións familiares	2	-	-	-	-	-	-	-	2
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	7.011
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	1.986
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	4.967
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	17
Outras prestacións	86	6	38	-	0	1	168	-	41
Prestacións procedentes extinguida MUPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	647
Auxilio por defunción	22	6	38	-	0	1	1	-	67
Indemnización a tanto alzado	54	-	-	-	-	-	162	-	216
Por baremo	-	-	-	-	-	-	1	-	1
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	0.3
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	347
Outras	11	-	-	-	-	-	4	-	15
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	781
<b>Total</b>	286.912	55.822	251.896	-	2.980	11.247	16.065	26.248	659.391

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Pontevedra 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Trabajo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
<b>Pensións</b>	660.440	92.568	255.148	214.290	2.860	25.627	43.632	62.653	1.357.219
Invalidez permanente	82.410	9.333	12.366	19.648	185	2.193	16.665	28.163	170.964
Xubilación	438.483	64.411	202.765	148.672	2.037	22.714	9.137	34.490	922.709
Viuvez	126.212	17.234	33.718	41.825	589	573	14.825	-	234.977
Orfandade	10.954	1.407	3.801	3.415	39	111	2.551	-	22.279
Favor de familiares	2.380	162	2.497	729	10	36	454	-	6.290
<b>Subsidios</b>	50.949	9.562	4.233	13.033	0	1.402	2.460	-	104.727
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	39.121	8.454	4.141	12.734	-	1.274	1.675	-	67.399
Compensación por colab. de empresas	37.695	8.454	4.141	12.734	-	1.274	1.675	-	65.973
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	1.426	-	-	-	-	-	-	-	1.426
Maternidade	11.642	1.092	59	280	-	126	-	-	256
Subsidio temporal por maternidade	11.590	1.092	59	280	-	126	-	-	13.200
Subsidio temporal por risco no embarazo	53	-	-	0	-	-	-	-	53
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	22.165
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	15.739
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	67
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	194
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	1.707
Outras prestacións	186	16	33	19	0	2	785	-	1.707
Prestacións procedentes extinguida MUPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	0
Auxilio por defunción	46	10	32	14	0	2	1	-	105
Indemnización a tanto alzado	64	-	-	5	-	-	244	-	312
Por baremo	-	-	-	-	-	-	25	-	25
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	6
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	660
Outras	77	6	0	-	-	-	515	-	599
<b>Prestacións sociais</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	4.507
<b>Total</b>	<b>711.389</b>	<b>102.131</b>	<b>259.381</b>	<b>227.324</b>	<b>2.860</b>	<b>27.028</b>	<b>46.092</b>	<b>62.653</b>	<b>1.466.453</b>

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

■ CADRO 4.2.6.

**Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade, Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e Asuntos Sociais 2001-02: distribución económica**

	Consellería de Sanidade			Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude			Consellería de Asuntos Sociais		
	2001 (en miles de €)	2002 (en miles de €)	02/01 (%)	2001 (en miles de €)	2002 (en miles de €)	02/01 (%)	2001 (en miles de €)	2002 (en miles de €)	02/01 (%)
<b>Total operacións correntes</b>	2.137.913,7	2.166.757,0	93,2	245.241,7	270.694,2	94,5	145.820,5	145.820,5	93,1
Cap. I Persoal	956.128,9	963.137,7	41,7	47.857,4	51.978,2	18,1	53.897,1	53.897,1	34,4
Cap. II Gastos bens corr. e serv.	593.837,4	519.405,3	25,9	28.934,1	32.674,4	11,4	40.681,2	40.681,2	26,0
Cap. IV Transferencias correntes	587.947,4	684.214,0	25,6	168.450,2	186.041,6	64,9	51.242,2	51.242,2	32,7
<b>Total operacións de capital</b>	155.872,6	96.934,4	6,8	12.921,8	15.898,7	5,5	10.780,5	10.780,5	6,9
Cap. VI Investimentos reais	149.420,4	94.386,1	6,5	7.753,1	9.407,8	3,3	6.122,4	6.122,4	3,9
Cap. VII Transferencias de capital	5.827,1	1.923,2	0,3	5.168,7	6.490,9	2,3	4.658,1	4.658,1	3,0
Cap. VIII Activos financeiros	625,1	625,1	0,0	-	-	-	-	-	-
<b>Transferencias internas</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total consolidado</b>	2.293.786,2	2.263.691,4	100	258.163,5	286.592,9	100	156.600,9	156.600,9	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.



**Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade 2001-02: distribución dos créditos por programas**

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
211 B Dirección e Sec. Xerais de SS.	999,5	-	-
212 A Pensións e prestacións asistenc.	58.955,1	-	-
212 B Centros para servizos sociais	89.810,4	-	-
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	12.986,1	-	-
311 A Dirección e Servizos Sociais	62.691,0	51.371,2	-18,1
312 A Atención especializada	1.201.860,1	1.273.900,2	6,0
313 A Protección e promoción da saúde	45.411,9	50.997,7	12,3
313 B Atención primaria de saúde	798.189,2	863.769,8	8,2
314 C Formación de graduados e posgraduados	22.805,4	23.585,2	3,4
441 A Elab. e Difus. Estatística	78,1	67,2	-14,0
<b>Total</b>	<b>2.293.786,7</b>	<b>2.263.691,3</b>	<b>- 1,3</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

de invalidez permanente. As pensións de xubilación ascenden a 529,8 millóns de euros (o 53,6% corresponde ó réxime especial agrario), o que representa o 74,6% do total das pensións de Lugo.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 18,2 millóns de euros, o 57,7% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro no ano 2002 acadaron os 659,4 millóns de euros, das que un 43,5% corresponden ás obrigas recoñecidas do réxime xeral (286,9 millóns de euros) e un 38,2% ás do réxime especial agrario (251,9 millóns). As obrigas recoñecidas polas pensións de xubilación, con 460,4 millóns de euros, **cadro 4.2.4.**, son as máis importantes, seguidas polas de viuvez, con 93,4 millóns de euros, mentres que no caso dos subsidios, as máis importantes son as de incapacidade temporal, con 15,6 millóns de euros.

Finalmente, o **cadro 4.2.5.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadaron os 1.466,5 millóns de euros. As obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 711,4 millóns de euros (48,5% do total do gasto da provincia) e as do réxime especial agrario 259,4 millóns de euros (o 17,7%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo estas ós 922,7 millóns de euros, seguidas das de viuvez con 235,0 millóns de euros. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 67,4 millóns de euros.

### A cobertura social da Comunidade Autónoma

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2002 o 37,6% do seu presuposto ós capítulos da Sanidade, Servizos Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A cantidade dedicada foi de 2.706,9 millóns de euros, 154,9 millóns de euros menos que no ano anterior, dos que 2.263,7 millóns de euros corresponden á Consellería de Sanidade e ó Sergas, 286,6 millóns, á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e 156,6 millóns de euros, á Consellería de Asuntos Sociais.

O **cadro 4.2.6.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das tres consellerías mencionadas. No ano 2002, as operacións correntes representan o 95,7% do total presupostado na Consellería de Sanidade (o 93,2% no ano 2001), o 94,5% no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (o 95,0% no ano anterior) e o 93,1% na Consellería de Asuntos

CADRO 4.2.8.

**Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 2001-02: distribución dos créditos por programas**

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e Sec. Xerais de Protección Social	16.467,7	19.322,3	17,3
211 B Dirección e Sec.Xerais de Prestacións Sociais	15.911,8	16.418,0	3,2
212 A Pensións e prestacións asistenc.	13.879,2	25.728,9	85,4
212 B Centros para servizos sociais	15.269,9	17.574,7	15,1
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	4.422,8	5.534,7	25,1
241 A Fomento de emprego	143.663,5	152.277,4	6,0
241 B Fomento de emprego. FSE	35.528,8	35.301,1	-0,6
355 B Fomento de actividade xuvenil	12.782,9	14.199,3	11,1
441 A Elab. e Difus. Estatística	236,2	236,5	0,1
<b>Total</b>	<b>258.162,9</b>	<b>286.592,9</b>	<b>11,0</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.2.9.

**Presuposto consolidado da Consellería de Asuntos Sociais 2002**

	Presuposto
	(en miles de €)
Dirección e servizos xerais de prestacións sociais	56.771,4
Pensións e prestacións asistenciais	38.119,8
Centros para servizos sociais	44.804,2
Pensións e prestacións en servizos sociais	16.905,6
<b>Total</b>	<b>156.601,0</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Sociais, en tanto que as operacións de capital representan o 4,3%, o 5,5% e o 6,9%, respectivamente.

Comparado co ano anterior, o importe total dedicado nas operacións correntes na Consellería de Sanidade ascende a 2.166,8 millóns de euros (un 1,3% superior ó ano anterior) e a 270,7 millóns de euros no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (un 10,4% máis que en 2001).

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 4.2.7.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade e Servizos Sociais son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que no ano 2002 acollen 2.137,7 millóns de euros (o 94,4% do total presupostado).

No caso da Consellería de Familia, **cadro 4.2.8.**, hai que salienta-la importancia das partidas dedicadas ós programas de fomento de emprego. No ano 2002 dedícanse un total de

187,6 millóns de euros (o 65,5% do presupostado), un 4,7% máis que no ano 2001.

Pola súa banda, a Consellería de Asuntos Sociais presenta un presuposto consolidado de 156,6 millóns de euros, dos que 56,8 millóns corresponden á Dirección servizos xerais de prestacións sociais, 44,8 millóns de euros dedícanse ó programa de Centros para servizos sociais e 38,1 e 16,9 millóns de euros, ós programas de Pensións e prestacións asistenciais e Pensións e prestacións en servizos sociais, respectivamente (**cadro 4.2.9.**) ■